

Israel e o voto de Obama

Xulio Ríos (Xornal de Galicia, 08/02/2009)

Tel Aviv asoma novamente a unha canella de difícil saída. A probable vitoria de B. Netanyahu nas eleccións do vindeiro martes pode agravar as discrepancias co novo equipo de Obama, moi necesitado dun urxente reinicio do proceso de paz. O goberno que saia das urnas deberá acomodar a súa acción política aos desexos dun presidente que, a contracorrente das teses israelís, ambiciona recompoñer os lazos de Washington co mundo árabe-musulmán. Na entrevista concedida recentemente á cadea Al-Arabiya, Obama falou das súas orixes musulmanas e do empeño en demostrar que os estadounidenses non son os inimigos do mundo árabe. O enviado especial para Oriente Medio, George Mitchell, leva na súa carteira a vella consigna de “paz por territorios”, fundamento inescusable de calquera hipótese de reanudación efectiva do proceso.



O goberno que saia das urnas deberá acomodar a súa acción política aos desexos dun presidente que, a contracorrente das teses israelís, ambiciona recompoñer os lazos de Washington co mundo árabe-musulmán. Na entrevista concedida recentemente á cadea Al-Arabiya (foto), Obama falou das súas orixes musulmanas e do empeño en demostrar que os estadounidenses non son os inimigos do mundo árabe.

Se algo caracteriza a vida política israelí dos últimos anos é a súa fragmentación e progresiva dereitización. Un sistema electoral que establece unha proporcionalidade absoluta entre votos recibidos e asentos na Knesset acaba inducendo unha atomización do mapa político que obriga a formar maiorías coas pequenas formacións ou grandes alianzas cos rivais. Por outra banda, o resultado da guerra contra Hamas presenta un balance globalmente contrario ao perseguido: o movemento está máis fortalecido e lexitimado no interior e, peor aínda, existe unha maior disposición internacional (na UE e en EEUU) a abrir negociacións directas con Hamas. De pouco vale ter acabado cunha vintena de xefes militares, incluídos tres dos seus principais comandantes. Netanyahu oponse á paz e á creación dun Estado palestino e pode vencer baseándose nesas premisas en pleno auxe triunfal da campaña de Gaza capitaneada por uns competidores abocados a esta ofensiva como medida desesperada para evitar esa vitoria. Pero no día despois deberá moderarse e mudar de linguaxe e de prioridades para seguir contando co apoio financeiro, militar e político da nova Administración estadounidense.

Xulio Ríos, director do Igadi.